



207

Boado, Mesía. Decembro 1979.

1) To- do- les ma- zos sol- tel- ros sen can- do tra- tan d'á- mó- res
 a. le- gres e ca- ri- ños os for- tes e tra- ba- ña- do- res
 non te- ñen vü- cio nin- gún e. les son mol- bos mu- cha- chos
 nin (les) gus- tan do be- bú- das nin se ven nun- ca bo- ña- chos

variantes estróficas:

5) 6) 4)
 3) 6) 5) 3) 5) 6) 3) 6)
 2)

Ordes IV,1,312. Antonio 71.

L: 2314.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Tódolos mozos solteiros
son cando tratan d'amores
alegres e cariñosos,
fortes e traballadores.

Non teñen vicio ningún,
eles son moi bos muchachos,
nin lles gustan as bebidas
nin se ven nunca borrachos.

Cando van xunt'unha nena
non queren enredar tempo,
por esas primeiras falas
en tratalo casamento.

Porqu'en canto stán solteiros
non poden facer por vida,
así qu'os seus pensamentos
son de casars'enseghida.

Pero vós non seades bobas,
non vos deixés enganar-e,
eles pra consigo teñen
outro modo de pensar.

Eles o que millor queren
é pillarvos ó gramelo,
despois havos costar caro
traballo verllelo pelo.

Podedes ter por seguro:
a que caia na chumbeira
por falta do pescador
que se quedará solteira.

S'outro burro non s'acerta
que o poida conquistar
o que a conquistou a i-ela
non o volv'a festuxar.

Si lle prestou bo servicio
daralle conversación,
pero tratar de coller,
casarse con ela non.



Así é, moit'ollo, rapazas,
as qu'andades na farula,
coidadiño con deixar
tocar ó niño da rula.

E si é qu'algún vos quere
deshacelo hormigueiro,
decirle con voz aireada
hai que casarse primeiro.

Así é que, rapaciñas,
debedes ter precaución,
estudiar esta receta
que vos serve de leución.